

Estatutos sociais da Unión de Cooperativas Espazocoop

Estatutos sociais aprobados en Asemblea o 5 de novembro de 2016

ESTATUTOS SOCIAIS DA UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

CAPÍTULO I.- DENOMINACIÓN, DURACIÓN, DOMICILIO E OBXECTO

Artigo 1.- Denominación e réxime legal

1.- Coa denominación de UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, constitúese unha Unión de cooperativas conformada por calquera tipoloxía de empresa cooperativa, dotada de plena personalidade xurídica e suxeita ás disposicións da Lei 5/1998, de 18 de Decembro, de Cooperativas de Galicia.

2.- A Unión de cooperativas é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

3.- A Unión réxese polos presentes Estatutos, polas disposicións vixentes na actualidade ou polas que lexitimamente veñan a substituílas, polo Regulamento de Réxime Interno que se estableza e polas decisións validamente adoptadas polos seus órganos.

Artigo 2.- Duración.

A Unión constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3.- Domicilio social.

1.- O domicilio social da Unión fíxase na rúa do Hórreo, 104 baixo esquerda, en Santiago de Compostela, podendo ser trasladado a outro lugar dentro do mesmo termo municipal por decisión do Consello Reitor; o cambio de enderezo fóra deste suposto esixirá resolución da asemblea xeral.

2.- En todo caso, o novo domicilio social deberá comunicarse, á maior brevidade ás cooperativas asociadas e ser presentado para a súa cualificación e inscrición no Rexistro Central de Cooperativas da Xunta de Galicia.

3.- O Consello Reitor poderá decidir a creación, supresión e traslado de delegacións, oficinas ou dependencias que considere necesarias para o desenvolvemento dos seus fins.

Artigo 4.- Ámbito territorial.

- 1.- O ámbito territorial da Unión é o da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Por acordo da asemblea xeral, a Unión pode integrarse noutras entidades de igual ou superior ámbito territorial calquera que sexa o seu ámbito funcional.

Artigo 5.- Obxecto social.

1.- A unión de cooperativas aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

2.- O obxecto xeral da Unión é a defensa dos intereses socioeconómicos das cooperativas asociadas, a promoción do cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social, o acordo de políticas e criterios en torno ao cooperativismo e a economía social, o fomento da autoxestión e o aumento do nivel profesional do cooperativismo.

3.- Os fins específicos da Unión, son os seguintes:

- a) A representación e defensa dos intereses colectivos das cooperativas asociadas, ante todo tipo de persoas, entidades e organismos públicos e privados.
- b) Fomentar o cooperativismo e a intercooperación entre cooperativas, e entre estas e outras entidades da economía social.
- c) Reclamar aos poderes públicos unha atención e colaboración preferente co sector cooperativo, para acadar un mellor desenvolvemento social e empresarial.
- d) Informar, asesorar e negociar coas administracións públicas sobre a elaboración, desenvolvemento, aplicación e modificación de cantas disposicións poidan ditarse que afecten ás empresas cooperativas.
- e) Promover a colaboración con organismos e institucións oficiais e con outras asociacións de carácter político, sindical, empresarial ou cultural en cantos asuntos se estimen oportunos.
- f) Establecer, manter e fomentar contactos e colaboración con entidades autonómicas, estatais e internacionais de natureza cooperativa.
- g) Informar e asesorar ás cooperativas asociadas de calquera asunto de interese na forma e condicións que regulamentariamente se determinen establecendo un fluxo de información regular e completo, tanto a nivel interno como externo.
- h) Promover o intercambio de información entre as cooperativas asociadas sobre asuntos que sexan de interese, para o mellor desenvolvemento das súas actividades.
- i) Promover e coordinar a formación cooperativa, empresarial e ocupacional nas cooperativas.
- k) Fomentar a toma de conciencia e apoiar a igualdade de oportunidades e a integración social de calquera colectivo en risco de exclusión, na comunidade en xeral e no cooperativismo de traballo asociado en particular.

l) Fomentar un novo cooperativismo anovador, con presenza en sectores emerxentes, incentivando empresas de alto valor engadido e novas tecnoloxías.

m) Calquera outro que sexa conforme coa defensa e desenvolvemento desta Unión de Cooperativas.

CAPÍTULO II.- DAS COOPERATIVAS SOCIAS

Artigo 6.- Cooperativas que poden ser socias.

1.- Poden ser socias da Unión todas as empresas cooperativas de primeiro ou ulterior grao, conforme á Lei de Cooperativas de Galicia, con capacidade legal e que non pertencen a ningunha outra Unión rexida pola mesma lei.

Artigo 7.- Procedemento de admisión.

1.- A cooperativa que desexe integrarse na Unión, deberá solicitalo mediante escrito dirixido ó Consello Reitor, acompañado da seguinte documentación:

- Certificación expedida polo/a Secretario ou Secretaria co Visto e Prace da persoa que detente a Presidencia da cooperativa, do acordo do órgano competente segundo os seus Estatutos.
- Copia dos Estatutos Sociais da cooperativa, xunto coa certificación administrativa da súa inscrición no Rexistro de Cooperativas correspondente.

Na solicitude de admisión deberá designarse unha persoa que ostentará a representación da cooperativa ante a Unión, así como unha persoa suplente.

2.- O Consello Reitor da Unión resolverá motivadamente nun prazo non superior a dous meses, contados a partir do día seguinte ó da recepción do escrito de solicitude de admisión. Dito órgano comunicará por escrito á cooperativa solicitante o acordo de admisión ou denegación. A denegación de admisión deberá ser sempre motivada.

3.- Denegada a admisión, a cooperativa solicitante poderá recorrer ante a Asemblea Xeral, no prazo dun mes, a contar desde a data de notificación.

4.- O acordo de admisión pode ser impugnado ante a Asemblea, a petición, como mínimo, do 15 % das cooperativas asociadas, no prazo de dez días á publicación do mesmo.

5.- Nos dous casos de admisión ou denegación, a Asemblea Xeral resolverá, por votación segreda, na primeira reunión que se celebre, logo da audiencia da entidade solicitante. Quedando a admisión en suspenso ata que transcorra o prazo para recorrer ou ata que a Asemblea resolva.

Artigo 8.- Obrigas das cooperativas asociadas.

1.- As cooperativas asociadas teñen as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os deberes legais e estatutarios, así como os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da Unión.
- b) Asistir, a través dos seus representantes legais, ás reunións da Asemblea Xeral e ás reunións dos demais órganos sociais para os que sexan convocadas.
- c) Participar nas actividades que a Unión realiza e promove.
- d) Satisfacer puntualmente as cotas que se acorden validamente nos prazos e condicións que se determinen.
- e) Gardar segredo, dentro dos límites fixados polo ordenamento xurídico, sobre aqueles asuntos e datos da Unión que cheguen o seu coñecemento cando a súa divulgación poida prexudicar os intereses da mesma, tanto durante a súa permanencia na Unión como despois de causar baixa.
- f) Non realizar actividades competitivas coas desenvolvidas pola Unión de cara á consecución dos fins propios, agás autorización expresa do Consello Reitor.
- g) Aceptar polos seus representantes ou outros membros da cooperativa asociados cargos e funcións que lle sexan encomendados, agás xusta causa de escusa.
- h) Non prevalecer da condición de asociada para desenvolver actividades especulativas ou contrarias ás Leis ou a estes Estatutos.
- i) Non manifestarse publicamente en termos que supoñan deliberado desprestixio social da Unión ou do cooperativismo en xeral.
- j) Remitir á Unión cantos informes e datos solicite, en particular os seguintes:
 - Estatutos sociais e as súas modificacións.
 - Certificacións nominais dos seus conselleiros e interventores.
 - Certificación anual de altas e baixas que se produzan no Rexistro de Socios/as.
- k) Cando se produzan procesos de integración ou escisión que atinxan ás cooperativas asociadas da Unión, estas ou a resultante teñen a obriga de facer efectivas todas as obrigas económicas pendentes con esta Unión, sendo condición indispensable para facer efectiva a admisión, salvo acordo razoado en contrario adoptado pola Asemblea Xeral da Unión. As cooperativas asociadas participantes nestes procesos que se extingan, deberán solicitar a baixa voluntaria xustificada desde que se adopte o acordo correspondente polo órgano competente ó efecto, coas condicións establecidas no artigo 11 destes Estatutos.

2.- Agás a representación e defensa dos intereses comúns, ningún outro servizo pode serlle imposto ás cooperativas asociadas, rexendo a este respecto o principio de participación voluntaria

Artigo 9.- Dereitos das cooperativas asociadas

As cooperativas asociadas teñen os seguintes dereitos, exercitados de conformidade coas normas legais e estatutarias e cos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa:

- Elixir e ser elixidas para os cargos dos órganos sociais da Unión.
- Formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais dos que sexa membro.
- Participar nas actividades e servizos da Unión, sen discriminación.
- Recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- Solicitar da Unión a defensa dos seus intereses cooperativos, para propoñer ós organismos competentes as medidas que proceda adoptar.

Artigo 10.- Dereito de información

1.- A Unión procurará a todas as cooperativas asociadas unha información áxil, eficaz e non discriminatoria, que suscite iniciativas e suxestións.

2.- Para exercitar e garantir o efectivo dereito de información, as cooperativas asociadas dispoñen dos medios e mecanismos que establecen o artigo 23 de Lei 5/1998, de Cooperativas de Galicia, estes Estatutos e os acordos dos órganos sociais. Podendo acudir, no seu caso, á xurisdición competente, nos termos previstos en dita disposición.

3.- Será responsabilidade do Consello Reitor que cada cooperativa asociada reciba unha copia dos Estatutos da Unión, do Regulamento de Réxime Interno, se existise, así como das modificacións que se vaian introducindo nos mesmos.

4.- Toda cooperativa asociada ten libre acceso ós Libros de Rexistro de socias da Unión, así como ó Libro de Actas da Asemblea Xeral e, se o solicita, o Consello Reitor deberá proporcionarlle copia certificada dos acordos adoptados nas Asembleas Xerais, nun prazo non superior a quince días desde a solicitude. Así mesmo o Consello Reitor deberá proporcionar á cooperativa que o solicite copia certificada dos acordos do Consello Reitor que afecten á mesma, individual ou particularmente.

5.- Toda cooperativa asociada ten dereito, se o solicita do Consello Reitor, a que se lle mostre e aclare nun prazo non superior a un mes o estado da súa situación económica en relación coa Unión.

6.- Cando na orde do día da Asemblea Xeral se contemple a presentación e deliberación sobre as contas do exercicio económico, deberanse publicar no enderezo social da Unión, desde o día da convocatoria da Asemblea ata a celebración da mesma, os seguintes documentos: o balanço, a conta de perdas e ganancias, a memoria e a proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación das perdas, así como o informe da auditoría externa, se é o caso. As cooperativas asociadas poderán consultar e solicitar aclaracións e explicacións ó Consello Reitor sobre estas informacións, sempre que se faga cando menos con cinco días hábiles de antelación á celebración da Asemblea. As cuestións serán contestadas polo Consello Reitor na Asemblea Xeral.

7.- Cando na orde do día da Asemblea Xeral se inclúa calquera outro asunto de natureza económica, será de aplicación o establecido no parágrafo anterior, se ben referido á documentación básica que reflicta a cuestión económica a debater pola Asemblea.

8.- Toda cooperativa asociada poderá solicitar, por escrito, ó Consello Reitor, as aclaracións e informes que considere necesarios sobre calquera aspecto da marcha da Unión. O Consello Reitor deberá contestar na primeira Asemblea Xeral que se celebre pasados quince días desde a presentación do escrito.

9.- Cando o 10% ou 100 cooperativas asociadas soliciten por escrito ao Consello Reitor a información que consideren necesaria, este deberá proporcionala por escrito no prazo máximo dun mes.

10.- O Consello Reitor poderá denegar, nos supostos previstos nos puntos 5, 6, 7 e 8 do presente artigo, a información solicitada cando ó proporcionala poña en grave perigo os lexítimos intereses da Unión, agás que a información solicitada deba proporcionarse no acto da Asemblea Xeral, e esta apoiase dita solicitude por máis da metade dos votos presentes, e, nos demais supostos, cando así o acorde a Asemblea Xeral como consecuencia do recurso interposto polas cooperativas asociadas solicitantes da información. En todo caso, a negativa do Consello Reitor a facilitar a información solicitada polas cooperativas asociadas poderá ser impugnada por elas de conformidade coa canle procedemental establecida pola lexislación de cooperativas vixente ou polo artigo 2166 da Lei de auzuamento civil.

Artigo 11.- Baixa da cooperativa asociada.

As cooperativas asociadas á Unión causarán baixa:

a) Voluntariamente. Calquera cooperativa pode causar baixa voluntaria na Unión, previo acordo do órgano competente segundo os seus Estatutos. É preciso o preaviso por escrito razoado ó Consello Reitor da Unión que debe enviarse con tres meses de antelación, axuntando o acordo de baixa. O incumprimento do prazo de preaviso dará lugar a correspondente indemnización de danos e prexuízos.

b) Obrigatoriamente. A cooperativa asociada causará baixa obrigatoriamente:

- como consecuencia da perda dos requisitos obxectivos esixidos polos presentes Estatutos para formar parte da Unión,
- no caso de disolución da cooperativa asociada,
- no caso de expulsión da cooperativa asociada.

Artigo 12.- Normas de disciplina social

1.- As cooperativas asociadas só poderán ser sancionadas polas faltas previamente tipificadas nos presentes Estatutos, e a través da incoación do oportuno expediente sancionador e con audiencia da interesada en todas as instancias resolutorias.

2.- Só poderán imporse ás cooperativas asociadas á Unión as sancións que para cada clase de faltas están establecidas nos Estatutos, e que poderán ser económicas, de suspensión de dereitos sociais ou expulsión.

Artigo 13.- Prazos de prescripción das faltas.

1.- As infraccións cometidas polas cooperativas asociadas prescribirán, se son leves, ó mes; se son graves, ós dous meses, e se son moi graves, ós tres meses.

2.- Os prazos empezarán a computarse a partir da data na que o Consello Reitor tivo coñecemento das mesmas. A prescripción das faltas interromperase pola incoación do procedemento sancionador, pero só no caso de que nel recaese resolución e fose notificada non prazo de tres meses desde a súa iniciación. En todo caso, as faltas prescribirán aos doce meses da data na que se cometeron.

Artigo 14.- Procedemento Sancionador

A facultade sancionadora é competencia indelegable do Consello Reitor, e exercerase segundo as seguintes regras comúns:

- En todos os supostos deberase instruír expediente ó efecto e será preceptiva a audiencia do interesado, que poderá formalizar as súas alegacións por escrito.
- A cooperativa asociada pode impugnar o acordo ante a Asemblea Xeral no prazo de trinta días naturais dende a notificación. O recurso ten que someterse á decisión da primeira Asemblea que se celebre e na que se resolverá en votación secreta.
- O acordo de sanción, ou no seu caso, a ratificación do mesmo poderá ser impugnado no prazo de dous meses desde a súa notificación ante a xurisdición ordinaria pola vía procesual establecida pola lexislación de cooperativas vixente.

Artigo 15- Faltas

As faltas cometidas polas entidades asociadas, atendendo a súa importancia e transcendencia, clasifícanse como moi graves, graves e leves.

Serán consideradas como faltas moi graves:

- a) As operacións de obstrución e a manifesta desconsideración ós membros do Consello Reitor e representantes da Unión, que prexudiquen os intereses materiais ou de prestixio social da mesma.
- b) Violar segredos da Unión que prexudiquen gravemente os seus intereses.
- c) O incumprimento das obrigas económicas coa Unión cando, ó cometer unha infracción a cooperativa fose sancionada anteriormente por faltas menos graves.
- d) Valerse da condición de membro da Unión para desenvolver actividades especulativas ou contrarias ás leis.
- e) A falsificación de documentos, sinaturas, selos, marcas, claves ou datos análogos relevantes para as relacións entre a Unión e as súas cooperativas asociadas ou con terceiros.
- f) A usurpación de funcións do Consello Reitor, de calquera dos seus membros.
- g) O fraude, a deslealdade e o abuso de confianza nas xestións encomendadas, así como calquera conduta constitutiva de delito.

- h) A manifesta insubordinación contra as decisións dos órganos da Unión.
- i) O falseamento voluntario de datos e informacións de servizo.
- j) Entorpecer, obstaculizar ou impedir de xeito reiterado ou de mala fe as actividades e o decorrer normal da Unión.
- k) A comisión reiterada de faltas graves, cando xa fosen sancionadas como tales no último ano.

Son consideradas faltas graves:

- a) A falta de asistencia inustificada ás Asembleas Xerais debidamente convocadas ou ás reunións doutros órganos sociais nos que ostente a representación, cando a cooperativa asociada fose sancionada dous veces por falta leve por non asistir ás reunións de ditos órganos, nos últimos cinco anos.
- b) Os malos tratos de palabra ós representantes doutras cooperativas ou ó persoal da Unión, con ocasión de reunións dos órganos sociais ou da realización de traballos, actividades e operacións necesarias para o desenvolvemento do obxecto social.
- c) O incumprimento das obrigas económicas coa Unión, por impago das cotas periódicas ou das contraprestacións por servizos, nun prazo de seis meses.
- d) A comisión dunha falta leve cando fose sancionada por dúas faltas leves no último ano.
- e) A simulación ou encubrimento de faltas doutras cooperativas asociadas en relación cos seus deberes cara á Unión.
- f) A utilización ou difusión indebida de datos ou asuntos dos que se teña coñecemento por razón do traballo coa Unión.
- g) A non participación ou non observancia dos principios, obxectivos e misión que motivan a existencia da Unión.

Serán consideradas faltas leves:

- a) A falta de asistencia non xustificada ás sesións dos órganos sociais ás que a cooperativa fora convocada en debida forma.
- b) A non comunicación á Secretaría da Unión do cambio de enderezo, no prazo dun mes dende que ocorreu o feito.
- c) Non observar por dúas veces no prazo de seis meses as instrucións ditadas polos órganos competentes para o boa orde e desenvolvemento das operacións e actividades da Unión.
- d) Cantas infraccións se cometan a estes Estatutos e que no estean previstas nos apartados anteriores e se establezan nunha Asemblea Xeral.
- e) A lixeira incorrección coas outras cooperativas asociadas ou cos seus representantes ou os traballadores da Unión.
- f) O atraso, negligencia ou descoido no cumprimento das súas tarefas.
- g) As faltas que se tipifiquen no Regulamento de Réxime Interno ou por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 16.- Sancións

1.- As sancións que poderán impoñérselle ás cooperativas asociadas pola comisión de faltas serán:

- Por faltas leve: amonestación por escrito e/ou multa de 12,00 a 90,00 euros, ou a realización de actividades que permitan a reparación do dano causado.
- Por faltas graves multa de 91,00 a 300,00 euros e /ou dalgúns ou todos os dereitos cando a falta sexa por incumprimento das obrigas económicas coa Unión, polo impago das cotas periódicas ou das contraprestacións por servizos, nun prazo de seis meses.
- Por falta moi grave multa de 301,00 a 1.200,00 euros, expulsión ou suspensión de todos ou algún dos seguintes dereitos: voto na Asemblea Xeral, Consello Reitor ou calquera outro órgano non que teña representación; ser electora e elixible para os cargos sociais; utilizar os servizos da Unión.

2.- A sanción suspensiva de dereitos só se pode impoñer pola comisión daquelas faltas relativas ó descuberto nas obrigas económicas coa Unión. En todos os casos, os efectos da suspensión cesarán tan pronto como a cooperativa normalice a súa situación coa Unión.

3.- A expulsión das cooperativas asociadas só pode acordala o Consello Reitor, por falta moi grave tipificada nos Estatutos, mediante expediente instruído ó efecto e con audiencia da cooperativa afectada.

Artigo 17. – Responsabilidades

1.- A cooperativa que causou baixa continuará sendo responsable ante a Unión das obrigas asumidas con anterioridade á data de perda da súa condición de socia e estará obrigada a satisfacer os pagamentos que por calquera concepto debe á Unión.

CAPITULO III.- ÓRGANOS SOCIAIS DA UNIÓN

Artigo 18.- Órganos sociais

Son órganos sociais da Unión:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) O Consello Reitor.

Sección Primeira: Asemblea Xeral

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión e tomar acordos sobre aqueles

asuntos que, en virtude da Lei de Cooperativas de Galicia e destes Estatutos sexan da súa competencia. É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, adoptados conforme ás leis e a estes Estatutos, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas da Unión, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou as persoas libremente designadas ó efecto por cada cooperativa.

Artigo 20.- Competencias

Á Asemblea Xeral correspóndelle decidir sobre os asuntos da súa competencia definidos na lexislación de cooperativas vixente e, en especial, sobre os seguintes:

- a) Aprobación do plano de xestión da Unión, presentado polo Consello Reitor, que será o responsable da súa xestión e execución.
- b) O nomeamento e a revogación, por votación secreta, dos membros do Consello Reitor e dos liquidadores, e o exercicio da acción de responsabilidade contra eles.
- c) O nomeamento e a revogación dos auditores de contas.
- d) Exame da xestión do Consello Reitor, aprobación das contas anuais e a distribución de excedentes ou imputación de perdas.
- e) A aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da Unión.
- f) Establecemento das cotas sociais e do custe dos servizos que preste a Unión, para o exercicio seguinte, así como aprobalas cotas extraordinarias que puideran ser necesarias para o cumprimento dos fins da Unión.
- g) Decisión sobre o ingreso ou separación da Unión doutras organizacións de intercooperación.
- h) A modificación dos estatutos.
- i) A fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da Unión.
- j) A creación de seccións e a aprobación e modificación, se é o caso, dos seus regulamentos de réxime interno.
- k) Acordala cesión, traspaso ou venda de parte ou da totalidade dos bens e dereitos da Unión, cando supoña modificacións substanciais na súa estrutura económica, organizativa ou funcional.
- l) Aqueles outros que veñan establecidas pola lexislación cooperativa ou nos presentes Estatutos.

A Asemblea pode debater sobre calquera asunto de interese para a Unión, sempre que conste na orde do día, pero só pode tomar acordos obrigatorios en materias que a lei non considere competencia exclusiva doutros órganos.

A competencia da Asemblea Xeral sobre aqueles asuntos e actos nos que o seu acordo é preceptivo por imperativo legal ten carácter indelegable.

Artigo 21.- Clases de asemblea e convocatoria

A Asemblea Xeral reúnese:

a) Con carácter ordinario, obrigatoriamente, unha vez ó ano dentro dos seis meses seguintes ó pechamento do exercicio social, para examinala xestión social e aprobar, se procede, as contas anuais do exercicio anterior e os presupostos e actividades do seguinte.

Se transcorre dito prazo sen que teña lugar a convocatoria, calquera cooperativa asociada pode instar a facelo ao Consello Reitor. Se este non a convoca dentro dos quince días seguintes ó recibo do requirimento, calquera cooperativa asociada pode solicitala do xuíz de primeira instancia do domicilio social da Unión, que ordenará a convocatoria, designando quen a deba presidir. Neste caso producirase a destitución inmediata do Consello Reitor, e procederase á súa nova elección.

O prazo legal para convocala Asemblea Xeral Ordinaria, pode ser prorrogado pola autoridade da que depende o Rexistro de Cooperativas no que está inscrito a Unión, a solicitude motivada do Consello Reitor.

b) Con carácter extraordinario, convocada polo Consello Reitor cando o estime convinte para os intereses da Unión ou o solicite un número de entidades asociadas que represente, ao menos, o 20% dos votos sociais o 100 cooperativas asociadas.

Artigo 22.- Forma e contido da convocatoria.

1.- A Asemblea Xeral convocarase mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da Unión e en cada un dos demais centros nos que desenvolva a súa actividade, así como en carta ó domicilio das cooperativas asociadas.

2.- A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días á data prevista para a celebración da Asemblea, no suposto de Asemblea Ordinaria e dez días no de Asemblea Extraordinaria, e cun máximo de dous meses á data da realización da Asemblea Xeral.

3.- A convocatoria indicará, polo menos, a data, a hora e o lugar da reunión, en primeira e segunda convocatoria, entre as cales deberá transcorrer como mínimo media hora, e expresará con claridade, precisión e suficiente detalle os asuntos que compoñen a orde do día, así como a documentación relativa a ela, que poderá examinarse no domicilio social da Unión.

4.- A orde do día será fixada polo Consello Reitor, o cal deberá incluír os asuntos que, por escrito, lle foran propostos por un número de cooperativas asociadas que representen o 5%, ou acaden o número de 100, con antelación á convocatoria dunha asemblea, e que deberán ser incorporados á orde do día da primeira que teña lugar. Non se poderán incorporar novos asuntos na orde do día, unha vez convocada a asemblea.

Artigo 23.- Funcionamento da Asemblea

1.- A Asemblea Xeral celébrase na localidade do domicilio social da Unión. O Consello Reitor poderá acordar un lugar diferente para a celebración da asemblea, co fin de facilitar a presenza de todas as cooperativas asociadas, ou por requirimento do 10% das cooperativas asociadas.

2.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando estean presentes máis da metade dos votos sociais e, en segunda convocatoria calquera que sexa o número de cooperativas asociadas presentes. Abonda acadar dito quórum ó comezo da sesión, agás o establecido no artigo seguinte.

3.- Terán dereito a asistir á Asemblea Xeral o representante legal ou, no seu caso, as persoas libremente designadas polas cooperativas pertencentes á Unión na data de realización daquela. Poderán facelo por medio telemáticos que garantan debidamente a súa identidade. Na convocatoria determinaranse os prazos, formas e modos de exercicio dos dereitos para as persoas que asistan telematicamente á asemblea.

4.- Presidirá a Asemblea Xeral quen presida o Consello Reitor ou o substitúa nesta función. No seu defecto, realizará esta función o/a representante da cooperativa asociada que elixa a Asemblea. Correspóndelle á Presidencia dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da asemblea e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias. A Presidencia da Asemblea realizará o cómputo dos asistentes e declarará, se é o caso, constituída esta. A Secretaría da Asemblea Xeral a ostenta quen exerza dita función no Consello Reitor ou, no seu defecto, quen acorde a Asemblea Xeral.

5.- Cando na orde do día figuren asuntos que atinxan directamente a quen deba exercer as funcións de Presidente/a e/ou Secretario/a da Asemblea Xeral, esta virá obrigada a elixir de entre as cooperativas asociadas presentes ás persoas que os substitúan na súas funcións.

6.- A Asemblea Xeral ou o Consello Reitor poderá autorizar a asistencia, sen dereito a voto, de calquera outra persoa da que a súa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da Unión.

7.- Os membros do Consello Reitor poderán requirir a presenza de notario para que levante acta da Asemblea Xeral, que terá carácter de acta única da Asemblea, e estarán obrigados a facelo sempre que, con cinco días de antelación ó previsto para a realización dela, o soliciten polo menos o 10% das cooperativas asociadas ou 100 votos sociais. Os honorarios serán por conta da Unión. En todo caso, calquera cooperativa asociada pode esixir a presenza de notario na Asemblea para dar fe do alí ocorrido, que non terá outra eficacia cá derivada do propio instrumento público, e os seus honorarios serán satisfeitos por quen requirise a súa presenza.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

3.- A cooperativa asociada deberá absterse de votar cando o acordo que se someta á Asemblea teña por obxecto a resolución dos recursos interpostos pola Unión contra sancións que lle fosen impostas polo Consello Reitor, así como nos casos nos que o acordo verse sobre unha situación de conflito de intereses entre a cooperativa e a Unión.

Artigo 25.- Adopción de acordos.

1.- A Asemblea Xeral adoptará os acordos por máis da metade dos votos validamente expresados, agás nos supostos que requiren unha maioría reforzada previstos pola Lei de Cooperativas de Galicia ou nestes Estatutos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral producirán os efectos que lles son propios desde o momento da súa adopción.

2.- É necesaria a maioría de dous terzos dos votos presentes para adoptar acordos de modificación de Estatutos, fusión, escisión e disolución, así como para os seguintes asuntos:

- a) Acordar as cotas anuais da Unión,
- b) Esixir ás cooperativas asociadas compromisos económicos para cubrir necesidades financeiras.

3.- Para acordala cesión, traspaso ou venda de tódolos ou algún dos locais da Unión, bens ou dereitos que supoñan modificacións substanciais na súa estrutura económica organizativa e funcional, asuntos que deben figurar coa debida separación na orde do día, requírese o acordo favorable de dous terzos dos votos presentes.

Artigo 26.- Acta da Asemblea

1.- Corresponderalle á Secretaría da asemblea levantar acta da sesión dela. A acta deberá expresar, en todo caso, o lugar e a data da reunión, a manifestación da existencia de quorum suficiente para a súa válida constitución e o número de asistentes, se ten lugar en primeira ou en segunda convocatoria, a orde do día da convocatoria e o resumo das deliberacións e intervencións das que se solicitase a súa constancia na acta, así como a transcripción dos acordos adoptados cos resultados das votacións.

2.- A acta da sesión poderá ser aprobada pola propia asemblea xeral a seguir do acto da súa realización ou, no seu defecto, deberá selo dentro do prazo dos quince días seguintes, por tres representantes designados na mesma asemblea, así como polo/a Presidente/a e o/a Secretario/a da asemblea xeral.

3.- Os acordos certificaraos o/a Secretario/a co visto e prace do/a Presidente/a, e cando sexan inscribibles deberanse presentar para estes efectos no correspondente Rexistro de Cooperativas, dentro dos trinta días seguintes ó da aprobación da acta, baixo a responsabilidade do Consello Reitor.

Artigo 27.- Impugnación dos acordos da Asemblea Xeral

1.- Poderán ser impugnados os acordos da Asemblea Xeral que sexan contrarios á lei, se opoñan ós estatutos ou lesionen en beneficio dunha ou varias cooperativas asociadas ou de terceiros os intereses da Unión. Non procederá a impugnación dun acordo social cando fose deixado sen efecto ou substituído validamente por outro.

Os acordos contrarios á lei serán nulos, os demais acordos ós que se refire o parágrafo anterior serán anulables.

2.- Os membros do Consello Reitor están obrigados a exercer as accións de impugnación contra os acordos sociais, cando sexan contrarios á lei ou se opoñan ós estatutos. No relativo á lexitimación, prazo, procedemento e demais requisitos a seguir no procedemento de impugnación estarase ó establecido no artigo 40 da Lei de Cooperativas de Galicia.

Sección Segunda.- O Consello Reitor

Artigo 28.- Natureza e competencia

O Consello Reitor é o órgano de goberno, xestión e representación da Unión. Compételle establecer as directrices xerais de actuación con subordinación á política fixada pola Asemblea Xeral e suxeición ós presentes Estatutos. Podendo exercer ademais todas aquelas facultades que non lle estean reservadas pola Lei de Cooperativas de Galicia ou polos Estatutos a outros órganos sociais.

Artigo 29.- Representación

O Presidente do Consello Reitor, que o será tamén da Unión, terá a representación legal dela, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta ós acordos da Asemblea Xeral ou do propio Consello.

O Consello Reitor poderá conferirlle apoderamentos xerais ou singulares, así como proceder á súa revogación, a calquera persoa física, cuxas facultades representativas, de xestión e/ou dirección referidas ao tráfico ordinario da entidade, deberán ser outorgadas en escritura pública de poder, que deberá ser inscrita no correspondente Rexistro de Cooperativas. Así como a escritura de revogación dos poderes outorgados.

Artigo 30.- Composición.

1.- O Consello Reitor desta Unión esta composto por un mínimo de 5 e un máximo de 7 membros, elixidos pola Asemblea Xeral, de entre os socios e socias das cooperativas asociadas, por un período de catro anos e renóvase simultaneamente, podendo ser reelixidas por un máximo de dous mandatos para o mesmo cargo.

2.- Os cargos que o compoñen son: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Vogalías. Ningunha cooperativa pode ter máis dun membro no Consello Reitor.

3.- Os cargos de Presidente e Vicepresidente serán elixidos directamente pola Asemblea Xeral en votación secreta polo maior número de votos. O nomeamento dos conselleiros producirá efecto desde o momento da súa aceptación, que se formalizará nos quince días seguintes á súa designación, e deberá presentarse para a súa inscrición no correspondente Rexistro de Cooperativas dentro dos trinta días seguintes á aceptación.

4.- Os membros do Consello Reitor cesarán nos seus cargos cando concorran algunha das seguintes causas :

- a) Transcurso do período de tempo polo que foron nomeados. Neste caso, os membros do Consello Reitor continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a renovación e os elixidos acepten o cargo, aínda que teñan rematado o período para o que foron elixidos.
- b) Renuncia ao cargo, que deberá adaptarse ó establecido no número 45.2 da Lei de Cooperativas de Galicia.
- c) Destitución por acordo da asemblea xeral, adoptado polas maiorías que establece o artigo 45.3 da Lei de Cooperativas de Galicia, segundo o asunto conste ou non na orde do día.

5.- No caso de vacantes, cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se realice. Vacante o cargo de Presidente será substituído nas súas funcións polo Vicepresidente, ata que teña lugar a Asemblea Xeral na que se cubra o dito cargo. Se quedasen vacantes simultaneamente ambos cargo, estarase ao disposto no artigo 45.6 da vixente Lei de Cooperativas de Galicia.

6.- Os conselleiros serán compensados dos gastos que lles orixine a súa función, agás da asistencia ás reunións da Asemblea Xeral.

7.- A Unión procurará unha representación equilibrada de homes e mulleres na súa composición. Para tal obxecto, posibilitarase a compatibilidade e a conciliación do seu exercicio coas situacións de maternidade e paternidade e cos cuidados de menores e persoas dependentes.

Artigo 31.- Funcionamento.

1.- O Consello Reitor reúnese cantas veces sexa convocado pola Presidencia ou pola solicitude motivada de algún dos seus membros. Queda validamente constituído cando concorran á sesión a metade máis un dos seus compoñentes.

Os membros do Consello non poderán facerse representar. Os acordos adóptanse por maioría simple dos votos presentes. Cada conselleiro terá un voto, dirimindo a Presidencia os empates que poidan producirse.

2.- A acta de cada sesión, asinada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia, recollerá o contido dos debates, o texto dos acordos e resultados das votacións e transcribirase ó correspondente Libro de actas.

3.- As reunións do Consello Reitor son convocadas pola Presidencia, coa antelación mínima de dez días, debendo constar na convocatoria a orde do día, o lugar, data e hora da reunión, en primeira e segunda convocatoria, media hora despois. En caso de urxencia pode ser convocada sen dita antelación e por calquera medio. Non será precisa a convocatoria, cando estando presentes todos os conselleiros, decidan por unanimidade a celebración do Consello.

Poderase convocar á reunión, sen dereito de voto, ó letrado asesor e ós técnicos da Unión, así como outras persoas das que a súa presenza sexa de interese para o bo funcionamento da mesma.

4.- Si a Presidencia incumpre a súa obriga de convocalo Consello e fose requirida para elo por algún dos seus membros, pode ser convocado por este se, transcorridos dez días desde o seu requirimento, logra a adhesión dun terzo dos/as membros.

Artigo 32.- Competencias do Consello Reitor.

Correspóndelle ao Consello Reitor:

a) Executar e facer cumprir ás entidades asociadas os acordos adoptados validamente pola Asemblea Xeral e demais normas vixentes.

b) Acordala admisión de novas cooperativas e a súa expulsión cando incorran en incumprimento grave das obrigas sociais.

c) Representar á Unión, en xuízo e fora del, ante toda clase de persoas físicas ou xurídicas, departamentos, organismos, autoridades da Administración Central ou Autónoma, así como ante os órganos e instancias xurisdicionais tanto ordinarias como especiais.

d) Exercitar accións xudiciais, interpor recurso, iniciar e tramitar expedientes administrativos en nome da Unión, nomeando avogados e procuradores, outorgando e revocando poderes xerais e especiais para preitos, que no seu caso se requira.

e) Decidir sobre a formalización de créditos, adquisición, venda e gravame de toda clase de bens necesarios ou convenientes para os seus fins sociais, sempre e cando non supoña modificacións substanciais na súa estrutura económica, organizativa ou funcional.

f) Cobrar créditos, pagar débedas, asinar facturas e finiquitos, dar e esixir cartas de pago, cobrar cantidades endebedadas á Unión, librar, aceptar, endosar letras de cambio, cheques e demais documentos de xiro e tráfico, incluso libramentos de pago estendidos a favor da Unión por calquera organismo ou entidade.

i) Outorgar e asinar cantos documentos públicos e privados esixa a natureza xurídica dos actos que realice no exercicio das facultades que lle compete. Contratar e despedir ó persoal laboral.

j) Formular anualmente e someter á consideración e aprobación, no seu caso, da Asemblea Xeral, o Balance e Contas de Resultados, redactando a Memoria da súa xestión e a proposta de distribución dos excedentes dispoñibles, no seu caso. Asemade corresponderalle propor á Asemblea o proxecto de orzamento para o exercicio seguinte, o informe de xestión e a contía das cotas, así como, no seu caso, as cotas extraordinarias.

Artigo 33.- Impugnación dos acordos do Consello Reitor

Os acordos do Consello Reitor que sexan contrarios á lei ou ós estatutos así como os que vulneren os dereitos da cooperativa asociada ou que lesionen en beneficio dunha ou varias cooperativas asociadas ou de terceiros os intereses da Unión poderán ser impugnados conforme o establecido no artigo 52 da Lei de Cooperativas de Galicia.

Artigo 34.- Responsabilidade dos membros do Consello Reitor

1.- Os membros do Consello Reitor actuarán coa dilixencia debida e con lealdade á representación e responsabilidade que posúen. Deberán gardar segredo sobre aqueles asuntos que teñan carácter confidencial, aínda despois de cesaren na súas funcións.

2.- Responderán solidariamente fronte á Unión, as cooperativas asociadas e terceiros do dano causado por actos contrarios á lei ou ós estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Estarán exentos de responsabilidade os conselleiros que salvasen expresamente o seu voto nos acordos que causasen dano e os ausentes que fixesen constar a súa oposición mediante documento fidedigno dirixido ó dito órgano nos trinta días seguintes ó da adopción do acordo.

3.- Non exonerará a responsabilidade o feito de que o acto ou acordo lesivo fose adoptado, autorizado ou ratificado pola Asemblea Xeral. No relativo á acción de responsabilidade contra os membros do Consello Reitor estarase ó establecido no artigo 51 da Lei de Cooperativas de Galicia.

Sección terceira.- Auditoría Externa.

Artigo 35.- Auditoría externa

1.- As contas anuais deberán ser auditadas por persoas alleas á Unión, nos seguintes casos:

- a) Cando así veña esixido pola Lei de Auditoría de Contas e as súas normas de desenvolvemento ou por calquera outra norma lexislativa aplicable
- b) Cando o acorde a Asemblea Xeral ou o Consello Reitor.
- c) Cando o soliciten por escrito, o 15% das cooperativas asociadas da Unión. Neste suposto, os gastos da auditoría externa serán por conta das solicitantes, excepto cando resulten vicios ou irregularidades esenciais na contabilidade comprobada.

2.- Nos supostos anteriores os Auditores de Contas serán designados pola Asemblea Xeral. Non obstante, cando a designación pola Asemblea Xeral non se fixese oportunamente ou as persoas designadas non puidesen cumprir as súas funcións, o Consello Reitor poderá proceder a dita designación, dando conta desta decisión na primeira Asemblea Xeral que se realice.

3.- En ningún caso poderá ser realizada a verificación das contas por persoas que desenvolvan ou desenvolvesen nos catro anos anteriores postos de administración ou funcións de asesoramento ou de confianza na Unión. Tampouco poderá ser realizada por quen forme ou formase parte do persoal dela

en idéntico período de tempo ni polas persoas que estean inmersas nalgunha das prohibicións que a Lei de Cooperativas de Galicia establece para o órgano de intervención.

Artigo 36.- A Dirección.

O Consello Reitor, se se estima convinte establecerá a existencia dun órgano de dirección, coas competencias e facultades sobre asuntos concernentes ao xiro ou tráfico normal da Unión.

Artigo 37.- Documentación Social.

1.- A Unión leva en orde e ao día os seguintes libros:

- a) Libro de Rexistro de Cooperativas asociadas.
- b) Libro de Actas da Asemblea Xeral.
- c) Libro de Actas do Consello Reitor.
- d) Libro de inventarios e balances.
- e) Libro Diario.

2.- Os libros e demais documentos estarán baixo custodia, vixilancia e responsabilidade do Consello Reitor. A contabilidade da Unión levarase polo sistema de partida dobre.

3.- Todos os Libros son dilixenciados pola sección central do Rexistro de Cooperativas, para que se proceda de conformidade coa lexislación vixente na materia.

TÍTULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO DA UNIÓN.

Artigo 38.- Recursos económicos

1.- Os recursos económicos da Unión son os seguintes:

- a) As cotas sociais periódicas, que serán establecidas anualmente pola asemblea xeral, a proposta do Consello Reitor.
- b) As axudas, subvencións e doazóns que a Unión poda recibir de persoas físicas, xurídicas, públicas ou privadas en atención ós seus fins e actividades.
- c) As rendas e ingresos patrimoniais xerados polos bens e dereitos pertencentes á Unión.
- d) Os recursos que poda xerala propia Unión, en concepto de compensación dos servizos e actividades desenvolvidas para calquera das entidades asociadas.
- e) O importe das sancións disciplinarias impostas ás cooperativas asociadas.

2.- O destino dos recursos obtidos é a realización de servizos de asesoramento, asistencia técnica e cantos outros sexan convintes aos intereses das cooperativas asociadas, nas materias que compoñen o obxecto social desta Unión.

3.- A Asemblea Xeral da Unión pode acordar, por maioría de dous terzos, a achega de cotas extraordinarias, para enxugar orzamentos desta natureza, previa proposta motivada do Consello Reitor.

4.- Cando as cotas se ponderen segundo o número de socios e socias da cooperativa, o censo de persoas socias da cooperativa a 31 de decembro do ano anterior á celebración de cada asemblea será a base de aplicación do sistema de cotas.

Artigo 39.- Intanxibilidade do patrimonio polas débedas das cooperativas asociadas

Os acredores persoais das entidades asociadas non terán dereito ningún sobre os bens da Unión.

Artigo 40.- Exercicio económico.

1.- O exercicio económico coincidirá co ano natural.

2.- O Consello Reitor está obrigado a formular, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do pechamento do exercicio económico, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de distribución de excedentes ou imputación de perdas, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsábel da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.

Artigo 42.- Imputación de perdas.

As perdas resultantes do balance de peche de cada exercicio económico anual, levaranse contra o remanente existente e de non existir, a unha conta de resultados pendentes de aplicación, para a súa amortización en exercicio positivos futuros.

TÍTULO V.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artículo 43.- Modificación de estatutos

1.- Os estatutos da Unión poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral de acordo cos seguintes requisitos :

- Que os propoñentes da modificación presenten un informe escrito sobre a conveniencia e xustificación dela.

- Que se expresen na convocatoria con debida claridade os extremos que se deban modificar. No anuncio da convocatoria farase constar expresamente o dereito de todas as cooperativa asociadas a examinareno no domicilio social o texto íntegro da modificación proposta e o informe xustificativo dela, e a pediren a entrega gratuíta dos ditos documentos.
- O acordo deberá adoptarse por maioría de dous terzos dos votos presentes.

2.- O acordo sobre cambio de denominación, cambio de domicilio ou modificación do obxecto social anunciarase nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da Unión e no Diario Oficial de Galicia con carácter previo á súa inscrición.

3.- Cando a modificación consista na modificación substancial do obxecto social ou das condicións para adquirir a condición de cooperativa socia da Unión, así como das súas obrigas, as cooperativas asociadas que votasen en contra ou as que, non asistindo á Asemblea, expresen a súa desconformidade por escrito dirixido ao Consello Reitor no prazo de dous meses, contados desde a inscrición do acordo no Rexistro de Cooperativas, terán dereito a separarse da Unión. Nestes casos a baixa da Unión deberá formalizarse dentro do mes seguinte á data de realización da Asemblea ou da presentación do referido escrito.

4.- O acordo de modificación, co texto aprobado, elevarase a escritura pública, que se presentará no Rexistro de Cooperativas nun prazo de tres meses, podendo instarse a previa cualificación do acordo e texto modificado.

5.- A inscrición rexistral do cambio de domicilio social da Unión dentro do mesmo termo municipal poderá practicarse en virtude de certificación do acordo coas sinaturas do secretario e presidente do Consello Reitor lexitimadas notarialmente ou autenticadas polo Rexistro de Cooperativas. O devandito acordo deberá comunicárselles formalmente ás cooperativas asociadas e publicarse conforme ao disposto no número dous deste artigo.

TÍTULO VI.- DA FUSIÓN, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artículo 44.- Fusión

1.- A Unión poderá integrarse, mediante a fusión de varias, para constituír unha nova ou mediante a absorción dunha ou máis unións por outra xa existente.

2.- A Unións que se fusionen nunha nova ou que sexan absorbidas por outra xa existente quedarán disolta, aínda que non entrarán en liquidación, e os seus patrimonios e socios pasarán á sociedade nova ou absorbente, que se subrogará nos dereitos e nas obrigas das entidades disoltas.

A escritura de fusión terá validez para a cancelación das entidades que se extinguen e para a inscrición da nova constituída ou modificacións da absorbente.

Artigo 45.- Disolución

1.- A Unión disolverase por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por unha maioría de dous terzos dos votos presentes, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Por acordo da Asemblea Xeral.
- b) Por finalización e cumprimento do obxecto social da Unión, ou pola imposibilidade notoria e manifesta do seu cumprimento.
- c) Pola paralización do seus órganos sociais durante un ano.
- d) Pola redución do número de cooperativas asociadas por debaixo do mínimo esixido para constituír a Unión, sen que restableza no prazo de seis meses.
- e) Por fusión con outra organización de cooperativas ou absorción por ela.
- f) Por calquera outra causa establecida na Lei de Cooperativas de Galicia ou nestes estatutos.

Artigo 46.- Liquidación.

A Asemblea Xeral que acorde a disolución nomeará, así mesmo, de entre os seus membros, a tres Liquidadores ou Liquidadoras, que poden ser libremente convocados e substituídos pola Asemblea durante o desenvolvemento do proceso de liquidación, observándose o establecido na Lei de Cooperativas.

Artigo 47.- Competencias do órgano de Liquidación.

É responsabilidade do órgano de Liquidación:

- 1. Asumilas funcións xestoras propias do Consello Reitor.
- 2. Levar e custodiar os Libros e correspondencia da Unión, así como velar polo seu patrimonio.
- 3. Realizar as operacións necesarias para a liquidación.
- 4. Alleal os bens da Unión.
- 5. Reclamar e percibir os créditos pendentes, sexa contra terceiros ou contra cooperativas asociadas.
- 6. Pagar os acredores.
- 7. Ostentala representación da Unión, para as funcións que teñen encomendadas.

Artigo 48.- Extinción

Rematada a liquidación, o órgano de Liquidación somete á decisión da Asemblea o Balance Final.

Finalizado o proceso liquidador e de distribución do patrimonio da Unión e, unha vez aprobado o Balance Final, o órgano de Liquidación outorgará escritura pública de extinción e solicitará a cancelación dos asentos referentes á Unión no Rexistro de Cooperativas e depositan nel os Libros e documentos.

.....